



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMENTO DUNHA NAVE PARA ALMACÉN DE VEHÍCULOS, MAQUINARIA E MATERIAL DO CONCELLO DE OROSO (EXPDTE 2024/C006/000007)

Nº EXPEDIENTE ORIXE: 2024/C006/000007

LOGO DE VER a Providencia asinada pola Alcaldía o 12.11.2024 ordenando o inicio de expediente de contratación do arrendamento dunha nave para almacén de vehículos, maquinaria e material do Concello de Oroso (expdte:2024/C006/000007) dado que o expediente (2024/C006/000002) foi declarado deserto por Resolución de Alcaldía nº 1375/2024 do 07/10/2024.

E DE VER o informe técnico emitido polo arquitecto municipal sobre o prezo de licitación de arrendamento dunha nave para almacén de vehículos, maquinaria e materiais, asinado o 04/07/2024.

E DE VER o prego de prescricións técnicas asinado polo arquitecto municipal o 23/09/2024.

E DE VER o borrador de pregos de cláusulas administrativas elaborado polo secretario municipal e asinado dixitalmente o 25/11/2024 polo secretario municipal.

E DE VER o certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente emitido polo interventor municipal o 24.09.2024.

E DE VER os informes favorables emitidos polo Secretario da Corporación e polo Interventor municipal de data 02.12.2024 e 18.12.2024 respectivamente.

E DE VER que por Resolución de Alcaldía nº 1375/2024 do 07/10/2024 autorizouse o gasto por importe de 4.011,15 euros con cargo á aplicación orzamentaria 453.202.00 do orzamento municipal para 2024.

Por todo o anterior, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 185.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no uso das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo apartado noveno da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación 2024/C006/000007) e o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: aULP6ESiiwB+m/qnypIL) e de prescricións técnicas particulares (CVD: Fuwj7o3/GSX2gya5Abkp) que rexerán a contratación de arrendamento dunha nave para almacén de vehículos, maquinaria e material do Concello de Oroso polo procedemento aberto, simplificado cun único criterio de adxudicación (factor: prezo).

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

www.orosos.es | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.



SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do contratante do Concello de Oroso así como no taboleiro electrónico de anuncios do Concello <https://sede.orosogal/sxc/es/informacion/> aos efectos de que todos os interesados poidan presentar as súas proposicións.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

www.orosogal | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosogal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.